


FACEMOS COMUNIDADE

PLAN DE APOIO
A ASOCIACIÓNNS
VECIÑAIS PARA
A REALIZACIÓN
DE FESTAS DE
CARÁCTER
COMUNITARIO

2018



+INFO
www.coruna.gal/cultura
imce@coruna.es



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Ó CORUÑA
PRÓXIMA

Un dos instrumentos más importantes para garantir unha cidadanía crítica e implicada na súa contorna constitúeno as asociacións, neste caso, as asociacións veciñais.

A participación e creación colectiva de políticas públicas no eido do asociacionismo para a contribución da divulgación dos valores socioculturais da nosa cidade son, sen dúbida, unha das metas do actual equipo do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (en adiante, IMCE) que, xunto coa descentralización do seu programa cultural, ten a potenciación do desenvolvemento das actividades culturais no seu conxunto como fin ineludible para alcanzar.

A seguinte convocatoria do Plan de apoio a asociacións veciñais para a realización das festas de carácter comunitario, comunmente coñecidas como “festas de barrio”, ten o obxecto seguinte: optimizar os recursos dispoñibles, axudar á planificación dos diferentes axentes implicados, así como desenvolver programas específicos ligados a festividades de marcado carácter comunitario que axudan a dinamizar de xeito descentralizado a oferta cultural da cidade.

A | OBXECTO E FINALIDADE DA CONVOCATORIA

1. É obxecto do presente texto a convocatoria pública a asociacións veciñais constituídas legalmente e radicadas na cidade da Coruña, para a recepción de proxectos culturais e festivos, co fin de deseñar de xeito colectivo as actividades que conformarán o calendario de actividades do IMCE, en relación coas festas de carácter comunitario, denominado FACEMOS COMUNIDADE.
2. Serán incluídas na presente convocatoria as festas tradicionais e/ou populares de arraigo cultural promovidas únicamente por asociacións de veciños/as, cuxa realización contribúa a manter tradicións e costumes propios. Entendemos por festa tradicional e/ou popular aquelas celebracións relacionadas con acontecementos ou festividades que reflecten a idiosincrasia dunha zona ou barrio e que se realizan segundo usos e costumes herdados.
3. Non serán incluídos proxectos destinados únicamente a socios/as da propia asociación de veciños, nin actividades que non teñan un carácter aberto ao público xeral. As actividades deberán ser de carácter gratuito e serán organizadas polo IMCE, coa asociación como axente colaborador imprescindible.
4. O fin primordial da presente convocatoria é ofertar, de xeito coordinado co tecido veciñal da cidade, iniciativas e accións culturais que axuden á descentralización da súa oferta cultural. Por tanto, será un requisito imprescindible para a súa inclusión no programa denominado Facemos comunitade, que se trate de accións que axuden ao desenvolvemento comunitario dos diferentes barrios que a conforman.
5. Os proxectos que se vaian incluír na presente convocatoria terán que ser realizados en espazos accesibles e públicos, e terán que ser obrigatoriamente difundidos (en calquera soporte dirixido á poboación en xeral que sexa empregado) nunha das dúas linguas oficiais, sendo preferente o galego. Do mesmo xeito, deberán garantir un uso non sexista da linguaxe e da imaxe. O seu incumprimento dará lugar á exclusión do proxecto ou da actividade do programa.

B | ENTIDADES PARTICIPANTES

1. Serán incluídos proxectos de asociacións unicamente veciñas, constituídas e sen ánimo de lucro, que teñan o seu domicilio na cidade da Coruña, e que estean legalmente constituídas e rexistradas no REMAC (Rexistro Municipal de Asociacións da Coruña), na data de finalización do prazo de presentación de proxectos.
2. O ámbito de actuación das asociacións participantes e dos proxectos presentados será o termo municipal da Coruña.

C | DOCUMENTACIÓN PARA APORTAR POLA ASOCIACIÓN

A asociación deberá presentar a proposta no rexistro oficial do IMCE (Avda. da Mariña, 18), xunto coa documentación seguinte:

1. Estatutos polos que se rexe a asociación e NIF (fotocopia compulsada)
2. Certificación acreditativa dos cargos representativos e do domicilio social
3. Fotocopia compulsada do NIF da persoa representante legal da entidade
4. Proxecto que inclúa, polo menos, os seguintes apartados:
 - Fundamentación do proxecto
 - Obxectivos do proxecto, tanto xerais como específicos
 - Accións ou actividades para desenvolver no proxecto, que conformará o programa de festas
 - Persoas destinatarias
 - Temporalización
 - Localización física das accións
 - Recursos achegados pola asociación (humanos, materiais e económicos), así como o orzamento de ingresos e gastos destes recursos achegados pola asociación
 - Criterios de avaliación

No prazo máximo dun mes desde a finalización do proxecto, a asociación deberá presentar no rexistro do IMCE unha memoria final das actividades realizadas.

D | PROCEDIMENTO DA INCLUSIÓN DOS PROXECTOS NO PROGRAMA

1. A inclusión dos proxectos obxecto desta convocatoria efectuarase en réxime de concorrencia competitiva.
2. A decisión sobre as iniciativas, as actividades ou os proxectos para incluír no presente programa realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre elas, de acordo cos criterios sinalados no apartado denominado "Criterios de valoración". Serán incluídos os proxectos que obtivesen a puntuación mínima requirida sen pasar, en ningún caso, do importe da dotación orzamentaria fixada nas bases específicas da convocatoria.



3. Os proxectos presentados serán avaliados por unha mesa que nomeará o concelleiro delegado de Culturas, Deportes e Coñecemento. Estará composta polas seguintes persoas:

- o concelleiro de Culturas ou persoa en quen delegue (con voz pero sen voto).
- unha persoa funcionaria municipal vinculada á Área de Culturas que exercerá de secretario.
- 3 representantes do tecido asociativo e ou cultural da cidade.

E | PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DOS PROXECTOS

O prazo de presentación dos proxectos ou actividades serán do día 4 de abril ao 24 de abril de 2018.

F | PRAZO DE RESOLUCIÓN

O prazo de resolución das solicitudes será de trinta días a partir da finalización do período de presentación de ideas ou proxectos.

G | RECURSOS ECONÓMICOS

1. Os gastos assumidos polo IMCE para o desenvolvemento das actividades serán imputados ao crédito orzamentario das aplicacións orzamentarias 338/227.99, 338/203.00, 338/226.02 e 338/226.99 do orzamento do exercicio 2018 do IMCE, cunha dotación máxima de 250.000 euros.

2. A contía máxima dos gastos para assumir para cada actividade veciñal será de 10.000 euros, impostos incluídos.

H | CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os criterios de valoración dos proxectos que se van incluír no plan de apoio a asociacións veciñais serán os seguintes:

1. Valoración da entidade:

- Viabilidade técnica do proxecto: ata 5 puntos.
- Estrutura participativa e equitativa, participación e número de asociados: ata 10 puntos.
- Traxectoria da entidade: ata 5 puntos.

2. Metodoloxía e desenvolvemento do proxecto.

Fundamentación, obxectivos, metodoloxía para empregar na realización do proxecto e avaliación das actividades: ata 10 puntos.

3. Calidade e interese do proxecto desde o punto de vista sociocultural e de representación no barrio.

- Grao de implementación do proxecto no barrio (a través da avaliación de festividades previas): ata 15 puntos.
- Persoas beneficiarias do proxecto: colectivo ao que vai dirixido de xeito principal: ata 5 puntos.
- Comunicación interna e externa: ata 3 puntos.
- Inclusión doutras entidades ou axentes do barrio no proxecto: ata 7 puntos.

4. Viabilidade económica do proxecto
Eficacia na designación de recursos económicos, humanos e materiais: ata 5 puntos.
5. Inclusión de propostas artísticas locais ou vinculadas á nosa cultura tradicional: ata 15 puntos.
6. Emprego do galego no desenvolvemento do programa: ata 10 puntos.
7. Desenvolvemento de accións que promovan a igualdade de xénero: ata 5 puntos.
8. Desenvolvemento de accións que promovan a tolerancia e o recoñecemento da pluralidade cultural da nosa cidade: ata 5 puntos.

Serán seleccionados aqueles proxectos que, en aplicación dos anteriores criterios, obteñan polo menos 50 puntos sobre os 100 posibles.

Cada asociación unicamente poderá presentar un único proxecto. Caso contrario, será excluída do procedemento.

I | OBRIGAS DA ENTIDADE

1. Acreditar ante o IMCE a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a súa inclusión no programa.
2. Realizar toda a publicidade das actividades nunha das dúas linguas oficiais, preferentemente en galego.
3. Facer mención expresa da colaboración do IMCE (Instituto Municipal Coruña Espectáculos) en todos os soportes de comunicación empregados.
4. Comunicar por escrito calquera modificación que se pretenda efectuar no proxecto, que deberá ser autorizada polo IMCE.
5. No caso de ser necesario o uso de vasos, será obriga da entidade o emprego de vasos reutilizables (ECOVASO).
6. Presentar un plan de medidas para a redución da xeración de residuos.
7. No caso de que a programación de festas sexa ampliada, e as entidades veciñas contraten actividades complementarias ás organizadas polo Concello, os organizadores estarán obrigados ao cumprimento estrito da normativa correspondente (administrativa, económica, laboral, de seguridade, etc.). O Concello estará facultado para levar a cabo a inspección do cumprimento desta esixencia, vénose obligada a asociación a remitir toda canta información sexa requerida pola administración.

J | CRITERIOS AMBIENTAIS

- Con carácter xeral, será posible o uso de zonas verdes, arboradas ou axardinadas, así como dos espazos naturais da cidade para o desenvolvemento de eventos, ecando non exista outra localización posible para elas e coa condición de que o Servizo de Medio Ambiente considere ese uso compatible e que se cumpran as condicións por el establecidas.

Serán de aplicación os seguintes criterios:

- As actividades proxectadas non poderán contemplar ningún tipo de intervención sobre as árbores e plantas do patrimonio municipal, xa sexa como elementos principais da actividade ou como elementos accesorios para o soporte de materiais ou das instalacións. A instalación de estruturas non deberá realizarse sobre espazos axardinados.
- Aquelas actividades que requirian abastecemento de auga non poderán usar bocas de incendios, redes de rega e demais elementos destinados aos servizos municipais. Por outra banda, a actividade non poderá levar a vertedura de augas residuais sobre superficies axardinadas, parterres e escavas ou sobre a vía pública.
- As actividades que requirian suministración eléctrica non poderán facer uso das instalacións asociadas ao mantemento de parques e xardíns ou outros servizos municipais, como a rede municipal de iluminación. Deberán obter, en calquera caso, o correspondente boletín emitido por un instalador eléctrico autorizado.
- Se se utilizasen moto-xeradores, compresores ou aparellos de similares características, ou ben se se utilizasen focos de calor (fornos, grelladas ou similares), estes deberán estar a unha distancia mínima de 3 metros da proxección vertical da copa das árbores, coas súas saídas de fume dispostas en sentido contrario á localización da vexetación.
- Durante o desenvolvemento da actividade e das tarefas de montaxe e desmontaxe das instalacións, evitarse o cerramento de plataformas e calzadas dos xardíns. Deberase permitir, en todo momento, o paso aos vehículos que operan no seu servizo e mantemento. Por outra banda, nos parques e as zonas axardinadas, a actividade non poderá levar a circulación de vehículos por lugares nos que non estea permitido, ao pór en risco a integridade dos elementos de rega soterrados.
- As arquetas e elementos de rexistro en superficie de calquera servizo público e, en particular, da rega, deberán permanecer en todo momento libres de ocupación.

- A actividade que se proxecta realizar non deberá levar a alteración dos horarios daqueles parques que están sometidos a un réxime de apertura e peche.
- A entidade organizadora do evento deberá prever os medios necesarios para manter as condicións de limpeza e ornato do espazo afectado. Así, disporá os medios de protección necesarios para evitar manchas sobre o pavimento ou outros elementos residuais provenientes tanto da actividade como da montaxe e desmontaxe de calquera infraestrutura que puidese requirirse para a realización do evento. Así mesmo, achegará os medios de protección necesarios para evitar que os residuos se esparexan fóra do sistema de contedores disposto polo Concello.

Sen prexuízo da preceptiva tramitación da licenza municipal nos casos en que sexa necesaria conforme á Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e a competitividade de Galicia, será necesario comunicarlle ao Servizo de Medio Ambiente cunha antelación mínima de 15 días sobre a data prevista de realización da actividade, os servizos básicos que se poidan requirir para o normal desenvolvemento dela (en particular, servizos de contedores , recollida de residuos e limpeza viaria).

